En consontes co disposto nos artigos 177 e 169 do TRLHL, iniciouse un prazo de información pública de quince días, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno, e informando que o orzamento se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

Rematado o prazo de información pública, non se presentou alegación ou reclamación algunha, motivo polo cal procede elevar a definitivos os acordos de modificación de crédito, resultado o seguinte estado de gastos:

Capítulo	Descrición	Créditos definitivos
1	Gastos de personal	1.974.901,10
2	Gastos bens correntes e servizos	1.870.111,43
3	Gastos financeiros	12.598,11
4	Transferencias correntes	51.845,65
6	Inversións reais	3.465.666,98
9	Pasivos financeiros	456.419,51
Total créditos definitivos estado de gastos		7.831.542,78

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a presente publicación.

Mondoñedo, 18 de decembro de 2018.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 3641

MONDOÑEDO*Anuncio***EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 14 de Decembro aprobou o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2018.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Xaneiro ó 28 de Febreiro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicos de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 18 de decembro de 2018.- O Tte. Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 3686

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓNS PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA DECEMBRO 2018**

Por Xunta de Goberno Local do día 7.12.2018 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de decembro de 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 8.01.2019 ata o 8.03.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2018.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3642

*Anuncio***APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACIMENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS E CANON AUGA NOVEMBRO- DECEMBRO 2018 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 17.12.2018 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do sexto bimestre 2018 (novembro-dicembro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 31.12.2018 ata o 28.02.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 17 de decembro de 2018.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 3643

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 29.10.2018, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais e prezos públicos para o exercicio 2019.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordos de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

1) Modificación artigo 13 “Calendario Fiscal”

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	12/04/2019	12/06/2019
b. Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2019	07/10/2019
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	16/08/2019	16/10/2018
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2018	26/02/2019	26/04/2019
	1º bimestre 2019	26/04/2019	26/06/2019
	2º bimestre 2019	26/06/2019	26/08/2019
	3º bimestre 2019	26/08/2019	28/10/2019
	4º bimestre 2019	25/10/2019	26/12/2019
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	5º bimestre 2019	26/12/2019	26/02/2020
	2ª fracción curso 2018/2019	05/03/2019	06/05/2019
	1ª fracción curso 2019/2020	24/10/2019	24/12/2019
f. Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2018	31/12/2018	28/02/2019
	1º bimestre 2019	28/02/2019	30/04/2019
	2º bimestre 2019	30/04/2019	01/07/2019
	3º bimestre 2019	28/06/2018	30/08/2019
	4º bimestre 2019	30/08/2019	31/10/2019
	5º bimestre 2019	31/10/2019	31/12/2019

- g. Resto de taxas 20/09/2019 20/11/2019
- 2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.
- 3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- 4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

2) Modificación penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”.

Quedando, dito parágrafo, do artigo 14 “ Domiciliacións “redactado do seguinte xeito:

A domiciliación do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5.08.2019 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

As anteriores modificacións das respectivas ordenanzas fiscais entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2019, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións das ordenanzas fiscais para o exercicio 2019 poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 18 de decembro de 2018.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 3644

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 19 de decembro de 2018, aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego destinada a contratación de auxiliares de axuda a domicilio para procesos de interinidade.

As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Negueira de Muñiz no prazo de cinco días naturais a partires de publicación deste anuncio no BOP, segundo o establecido nas bases expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.negueira.es).

En Negueira de Muñiz, 20 de decembro de 2018.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3676

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 21 de decembro de 2018, prestouse aprobación inicial ós seguintes Padróns, correspondentes ó 4º Trimestre de 2018:

- Padrón Taxa por abastecemento de auga e I.V.E. sobre o seu consumo.
- Padrón Taxa de sumidoiros.
- Padrón Taxa recollida de lixo.
- Canon da auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulasen reclamacións contra os mesmos.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 26/12/2018 e 26/02/2019, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, a 21 de decembro de 2018.- O ALCALDE, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3687

OUROL

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, o expediente de modificación de créditos 1/2018 de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a diferente área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión plenaria extraordinaria de data vinte e sete de novembro de dous mil dezaoto; de conformidade co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo do 2004, faise público que, despois deste expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos, do referido orzamento queda da seguinte forma:

Capítulo 1º.- Gastos de persoal.....	1.034.461,16 €
Capítulo 2º.- Gastos correntes en bens e servizos.....	898.679,35 €
Capítulo 3º.- Gastos financeiros.....	0,00 €
Capítulo 4º.- Transferencias correntes.....	39.400,00 €
Capítulo 6º.- Investimentos reais.....	0,00 €
Capítulo 7º.- Transferencias de capital.....	0,00 €
Capítulo 8º.- Activos financeiros.....	2.000,00 €
Capítulo 9º.- Pasivos financeiros.....	47.598,10 €
SUMA TOTAL:.....	2.022.138,61 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ourol, vinte e seis de decembro de dous mil dezaoto.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3695

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de decembro de 2018, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de NOVEMBRO de 2018 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil oitocentos doce euros con trinta e sete céntimos (2.812,37 €), dos que mil douscentos cincuenta e un euros con noventa céntimos (1.251,90 €) corresponden a libre concorrência e mil cincocentos sesenta euros con corenta e sete céntimos (1.560,47 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser

examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 20 de decembro de 2018.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 3688

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de decembro de 2018, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2018.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2018.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 21 de xaneiro de 2019 ata o 21 de marzo de 2019, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento;

de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 20 de decembro de 2018.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 3689

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2018-0488, ditada o 12 de decembro, o padrón e lista cobratoria da taxa pola entrada de vehículos a traveso da beirarrúa, referidos ao exercicio 2018, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expóñense ao público *no Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de *quinze días hábiles*, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario da taxa, correspondente ao ano 2016, en:

Localidade: Palas de Rei.

Oficina de recadación: Contas restrinxidas de recadación de ABANCA e de CAIXA RURAL GALEGA en horario das mesmas

Prazo de ingreso: do 2 ao 31 de xaneiro de 2019

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

En Palas de Rei, 14 de decembro de 2018.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3645

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA E DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE NOVEMBRO 2018.

Por Resolución de alcaldía de data dezaioito de decembro de 2018 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 7 de xaneiro de 2019 ao 7 de marzo de 2018**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 7 de xaneiro de 2018 ao 7 de marzo de 2018**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 20 de decembro de dous mil dezoito.

A Pontenova, 20 de decembro de 2018.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3690

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión ordinaria do 29 de novembro do 2018, relativo ó expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto), expediente Gestiona nº 435/2018, por importe de 22.975,15 € (vintedous mil novecentos setenta e cinco euros con quince céntimos), que se fai público resumido por capítulos:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación Orzamentaria		N.º	Descrición	Euros
320	13000	1	LABORAL FIXO	868,00
326	13000	2	LABORAL FIXO	5.624,89
135	131	3	LABORAL TEMPORAL	7.074,67
1531	131	4	LABORAL TEMPORAL	336,00
231	131	5	LABORAL TEMPORAL	441,00
326	131	6	LABORAL TEMPORAL	2.738,55
135	16000	7	SEGURIDADE SOCIAL	2.514,11
320	16000	8	SEGURIDADE SOCIAL	290,64
326	16000	9	SEGURIDADE SOCIAL	2.615,03
3321	16000	10	SEGURIDADE SOCIAL	472,26
TOTAL GASTOS				22.975,15

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos Definitivos antes da modificación	Baixas ou anulacións	Créditos Definitivos despois da modificación
Progr.	Económica				
231	76102	PRIMEIRA ACHEGA LICITACIÓN OBRA CENTRO DE DÍA	22.975,15 €	22.975,15 €	0,00 €
TOTAL GASTOS			22.975,15 €	22.975,15 €	0,00 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pontenova, 26 de decembro do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3720

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión ordinaria do 29 de novembro do 2018, relativo ó expediente de modificación de créditos (Suplemento de Créditos), expediente Gestiona nº 436/2018, por importe de 52.071,00 € (cincuenta e dous mil setenta e un euros), que se fai público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria		N.º	Descrición	Euros
136	13000	1	LABORAL FIXO	3.332,00
1531	13000	2	LABORAL FIXO	13.577,55
1621	13000	3	LABORAL FIXO	1.484,00
231	13000	4	LABORAL FIXO	14.116,77
241	13000	5	LABORAL FIXO	4.016,65
3321	13000	6	LABORAL FIXO	1.955,92
920	13000	7	LABORAL FIXO	1.648,74
136	16000	8	SEGURIDADE SOCIAL	1.019,33
1531	16000	9	SEGURIDADE SOCIAL	4.391,90
1621	16000	10	SEGURIDADE SOCIAL	392,56
231	16000	11	SEGURIDADE SOCIAL	4.243,57
241	16000	12	SEGURIDADE SOCIAL	1.272,28
3321	16000	13	SEGURIDADE SOCIAL	148,04
920	16000	14	SEGURIDADE SOCIAL	471,69
TOTAL GASTOS				52.071,00

ORZAMENTO DE INGRESOS

Aplicación Orzamentaria		N.º	Descrición	Euros
553		1	DERECHO DE SUPERFICIE CONTRAPRESTACIÓN NO PERIÓDICA	52.071,00
TOTAL INGRESOS				52.071,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

A Pontenova, 26 de decembro do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3721

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO 2018 .

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de decembro de 2018 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Novembro de 2018, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Novembro : 3471,21 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xaneiro de 2019 e o 01 de abril de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro a 14 de decembro de 2018.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3646

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

1. Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao cuarto trimestre do exercicio de 2.018.
2. Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.
3. Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.
4. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.
5. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 18 decembro 2018.- Alcalde-Presidente, Julio Alvarez Núñez.

R. 3647

TABOADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2019

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2019, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2018, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de **2.349.464,88 €**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.114.631,48	Cap. 1.- Impostos indirectos	716.955,48
Cap.2.-Gastos en bens correntes e de servizos	732.981,93	Cap.2.- Impostos indirectos	84.469,08
Cap. 3.- Gastos financeiros	5.941,37	Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	317.667,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	63.100,00	Cap. 4.- Transferencias correntes.	1.138.709,79
		Cap. 5.- Ingresos Patrimoniais	8.042,00
Cap. 6.- Investimentos reais	359.094,54	Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7.-Transferencias de capital	0,00	Cap. 7.-Transferencias de capital	83.621,53
Cap. 8.- Activos financeiros	0,00	Cap. 8.- Activos financeiros	0,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	73.715,56	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.349.464,88	TOTAL INGRESOS	2.349.464,88

Na referida sesión tamén se acordou aprobalo cadro de persoal, que, de acordo co que se preceptúa no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Praza	Dot.Prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario/a Interventor/a	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría Intervención	Cuberta en propiedade
Traballador/a social	1	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Administrativo/a	1	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta
Auxiliar administrativo/a	2	C2	Administración xeral	Auxiliar	1 Cuberta/1 Vacante
Encargado/a actividades Soc.-culturais	1	C2	Administración especial	Auxiliar	Cuberta

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Praza	Dot. de prazas	Situación
Técnico local de emprego	1	Cuberta
Operario servizos múltiples	1	Cuberta

Conductor brigada servizos múltiples	1	Cuberta
Conserxe	2	Cubertas2
Encargado servizo recollida lixo	1	Cuberta
Encargado servizo limpeza	1	Cuberta
Capataz brigada	1	Cuberta
Peón operario brigada	1	Cuberta

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Praza	Dot. de prazas	Situación
Arquitecto técnico	1	Cuberta
Auxiliar axuda no fogar	23	Cubertas 23
Limpador/a (1 indefinido por sentenza xudicial)	3	Cubertas 3
Monitora deportiva	2	Cubertas 2
Auxiliar administrativo	1	Cuberta
Educador familiar (indefinido por sentenza xudicial)	1	Cuberta
Peón de obras	3	Vacantes

Taboada, a 19 de decembro de 2018.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3651

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2018, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de novembro de 2018 polo importe total de 6.059,11€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 20 de decembro de 2018.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3692

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **5 de decembro de 2018**, acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es

praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

NEGUEIRA DE MUÑIZ: substituta: DOÑA LAURA LLEDÍN VITOS. DNI nº. 11838276S.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de decembro de 2018.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 3670

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **5 de decembro de 2018**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

RIBEIRA DE PIQUÍN: substituto: DON JOSÉ BENIO FERNÁNDEZ LÓPEZ. DNI nº 76541576Z.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de decembro de 2018.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 3671

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento **EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 134 /2018** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **D. GREGORIO MORENO SANTOS** contra **D. PABLO BARJA VEIGA** y las empresas **CASTROBARREDO SL** y **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, se ha dictado auto de fecha 10/12/2018 cuya parte dispositiva literalmente dice:

“DISPONGO: Despachar orden general de ejecución a favor de **D. GREGORIO MORENO SANTOS**, frente a **D. PABLO BARJA VEIGA** y las empresas **CASTROBARREDO SL** y **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, en forma solidaria, por importe de **2.164,19 euros** en concepto de principal, más otros **430 euros** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.

Notifíquese a las partes.

Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento

documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 2 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, cuenta nº 2323000031013418. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, en ignorado paradero, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

En LUGO, a doce de diciembre de dos mil dieciocho.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3648